


RESOLUCIÓN REITORAL DO 19 DE XANEIRO DE 2018 POLA QUE SE RESOLVEN AS SOLICITUDES DE AXUDAS PARA O ANO 2018 PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DOCENTES QUE PROMOVAN A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade e segundo o establecido na Resolución reitoral do 5 de decembro de 2017 pola que se procede á convocatoria para o ano 2018 de axudas para a organización de actividades docentes que promovan a perspectiva de xénero na Universidade de Vigo,

ESTA REITORÍA RESOLVE:



1. CONCEDER as seguintes axudas aos programas sinalados:

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	PUNTOS	SOLICITADO	CONCEDIDO
Xénero, feminismo e creación visual: posibilidades formativas na imaxe contemporánea	93	1.080,0 €	1.080,0 €
Os ventres de alugueiro: mercantilización neoliberal do corpo das mulleres	89	1.501,8 €	1.150,0 €
II Xornadas Muller e rendemento deportivo	87	2.000,0 €	1.500,0 €
A cultura da violación na nosa sociedade: a manada como caso paradigmático	84	2.000,0 €	1.500,0 €
Identidades Creativas II	80	1.794,8 €	1.794,8 €
Feminismo e Teoría do Dereito	79	2.800,0 €	1.700,0 €
A imaxe da muller na publicidade	77	2.000,0 €	1.450,0 €
Nós- outras. Comportamentos tradutivos III edición	72	1.850,0 €	1.350,0 €
Workshop. Transdisciplinary Approaches to Affect Theory	72	990,0 €	700,0 €
Muller e traballo na era dixital	68	3.000,0 €	1.850,0 €
IV ciclo conferencias: Unha mirada de xénero	68	1.000,0 €	700,0 €
Conferencia Maureen O'Connor	62	1.180,0 €	700,0 €
Muller e igualdade: A perspectiva de xénero dende o Dereito Financeiro e Tributario	55	2.750,0 €	450,0 €
Maxine Hong Kingston and Gish Jen	52	329,0 €	250,0 €
Migrant Shores: poesía das emigrantes en Irlanda, Galicia e Marrocos	52	352,0 €	250,0 €
A perspectiva de xénero nas actuacións dos operadores xurídicos	50	3.000,0 €	1.000,0 €
Falan As publicistAs	50	2.300,0 €	800,0 €
Libro-obxecto e xénero. Estudo do libro infantil como artefacto	35	3.000,0 €	0,0 €
		TOTAL	18.224,80 €

2. DENEGAR as axudas solicitadas ao seguinte programa:

Curso « Libro-objeto e xénero. Estudo do libro infantil como artefacto »

Motivo: Non acada a puntuación mínima para obter axuda acordada pola comisión de valoración.

3. EXCLUIR as solicitudes de axuda para os seguintes programas:

«Seminario de crítica feminista»

Motivo: Non se adecúa ao obxecto da convocatoria.

« Práctica docente con equidade de xénero: da planificación aos recursos »


Motivo: Non se adecúa ao obxecto da convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 19 de xaneiro de 2018

O RECTOR



Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo o vinte e dous de xaneiro de dous mil dezaoto.

Vigo, 22 de xaneiro de 2018

A DIRECTORA DA UNIDADE DE IGUALDADE

Ana Isabel González Penín

